

Científicos de España muestran que o tráfico marítimo afecta o desxeo do Ártico

Efe | Palma De Mallorca 02.08.2016 | 02:16

O Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Instituto de Física Interdisciplinar e Sistemas Complexos (Ifisc), centro mixto da Universitat de les Illes Balears (UIB), elaboraron un estudo que demostra a relación entre o aumento do tránsito marítimo no océano Ártico e a diminución da capa de xeo na zona. Trátase do primeiro traballo sobre esta cuestión realizado con datos reais, xa que ata agora só existían modelos de previsión de crecemento, e foi publicado na revista *Scientific Reports*, de Nature , segundo informou onte o Ifisc.

A investigación evidencia que o aumento do tránsito foi moi significativo entre 2010 e 2014. Este centrouse na rexión norte atlántica (Noruega, mar de Barents) e no Ártico. En 2014 detectáronse 11.066 barcos transitando pola zona. 1.960 eran de pesca, 1.892 de carga, 524 petroleiros e 308 de pasaxeiros (entre outros).

As actividades que copan este incremento son a explotación de recursos naturais (pesca, minerais, gas e petróleo), o transporte de mercadorías, de petróleo e de pasaxeiros, o turismo e a investigación de novas vías de transporte.

O desxeo que se está producindo naquela zona está a aumentar as posibilidades para o tránsito marítimo. De feito, prevese que o tráfico se incrementará de maneira importante ata o 2050 ano en que, segundo moitos modelos, a capa de xeo desaparecerá completamente a finais de verán.